

**MEMORIA ANUAL DO
COLEXIO OFICIAL DE
BIÓLOGOS DE GALICIA
ANO 2012**



Desde o ano 2008, a Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, e anteriormente a Delegación de Galicia do COB, presenta a correspondente Memoria Anual ante a Xunta Xeral de colexiados.

Inclúense os apartados informativos derivados da *Ley 25/2009, de 22 de diciembre, de modificación de diversas leyes para su adaptación a la Ley sobre el libre acceso a las actividades de servicios y su ejercicio (Ley Ómnibus)* e poñerase a información pública na páxina web do Colexio.

Índice:

1. Actividades de defensa da profesión
2. Alegacións presentadas
3. Comisións sectoriais
4. Actividades de formación e xornadas técnicas.
5. Bolsa de Emprego.
6. Servizo de información.
7. Outros servizos colexiais.
8. Comunicados e noticias do COBGA nos medios.
9. Participacións do COBGA.
10. Varios.
11. Reunións do COBGA.
12. Percepcións membros Xunta de Goberno.
13. Informe anual de xestión económica.
14. Importe cotas aplicadas por concepto e tipo de servizo.
15. Información sobre procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución.
16. Información sobre queixas e reclamacións de consumidores.
17. Cambios no contido dos códigos deontolóxicos.
18. Normas sobre incompatibilidades e situacións de conflito.
19. Estatísticas colexiacións.
20. Información estatística sobre a actividade de visado.

1. Actividades de defensa da profesión

As accións de defensa da profesión xa foron informadas de forma pormenorizada na páxina web do Colexio e estiveron dirixidas a:

1.1. Estrutura orgánica Consellería do Medio Rural e do Mar. A Xunta de Goberno acorda o 16 de febreiro interpoñer recurso contencioso-administrativo contra o Decreto 46/2012, de 19 de xaneiro, da Consellería do Medio Rural e do Mar, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar, e do Fondo Galego de Garantía Agraria. Tamén o 6 de marzo preséntanse alegacións ao mesmo Decreto 46/2012. No seu artigo 4.3.3. defínese un Servizo de Inspección Veterinaria, ao que se atribúen funcións administrativas que exceden notablemente o esperado de tal denominación.

1. 2. Sentenza favorable en produtos fitosanitarios. No seu día o Colexio interpuxo un recurso contencioso-administrativo contra a Orde conxunta das Consellerías de Medio Rural e de Sanidade de 14 de abril de 2009, que regula a formación das persoas que realizan actividades de manipulación e aplicación de produtos fitosanitarios, xa que no seu artigo 7 non figuraba a Bioloxía como unha das titulacións a posuír polos docentes dos cursos de manipulador-aplicador. A Sección 1 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na súa sentenza 00175/2012, do 8 de febreiro de 2012 estimou o noso recurso e en consecuencia anulou o artigo citado "en cuanto excluye la titulación de Biología, declarando que debe incluirse la misma entre las que ha de poseer el personal docente de los cursos de manipulador-aplicador de productos fitosanitarios".

1.3. Servizo de Inspección Veterinaria. O 6 de marzo envíanse as alegacións do COBGA ao Decreto 46/2012, no que se lle adxudican unha serie de funcións administrativas que exceden notablemente o esperado de tal denominación.

1.4. Proxecto de Lei de Montes de Galicia. Enviada o 25 de abril aos grupos parlamentarios da cámara galega unha enmenda relativa á definición de "técnico competente en materia forestal" para incluír nela a outros titulados universitarios con "competencias en sistemas e medios forestais" ademais dos enxeñeiros de montes e enxeñeiros técnicos forestais. O Grupo dos Socialistas e o do BNG do Parlamento de Galicia recolleron a proposta e engadírona ás súas.

1.5. Entrevista coa Conselleira do Medio Rural e do Mar. Celebrada o 3 de maio. Asistiron a Decana, o Vicedecano e o Tesoureiro para tratar asuntos xerais de interese común, e se lle expuxeron as principais preocupacións do colectivo sobre as materias competencia da Consellería. O 14 de maio remitiúselles escrito lembrando o tratado.

1.6. Entrevista co Director Xeral de Conservación da Natureza. Celebrada o 11 de maio. Asistiron a Decana e o Tesoureiro para tratar asuntos xerais de interese común, e se lle expuxeron as principais preocupacións do colectivo sobre as materias competencia da Dirección Xeral.

1.7. Entrevista co Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Celebrada o 11 de xuño. Participaron a Decana, o Tesoureiro e o Xerente. Tratáronse asuntos de mutuo interese incluídas as preocupacións do colectivo sobre as materias da súa competencia. O 25 de xuño envíaselle escrito lembrando o tratado.

1.8. Máster Interuniversitario en Bioloxía Mariña. Remitíronse escritos o 25 de xuño ao Coordinador e Responsables nas universidades galegas xa que na introdución ao borrador aparece a referencia á profesión de biólogo mariño, para indicarlles que tal profesión non existe e evitar polo tanto conducir a erro aos posibles alumnos que identifiquen inexactamente Máster en Bioloxía Mariña (titulación) con Biólogo Mariño.

1.9. Estudo Galemys pyrenaicus. En relación á licitación mediante procedemento negociado do servizo para realizar o estudo desta especie na conca do río Ulla, diríxese escrito á Dirección Xeral de Conservación da Natureza o 13 de agosto no sentido de que, dada a natureza da licitación, non se considera necesaria a esixencia dun delegado de obra e un responsable en seguridade e hixiene.

1.10. Consellería de Sanidade. Escrito enviado o 28 de setembro lembrando a obrigatoriedade da colexiación para os licenciados en Bioloxía que, superado o proceso selectivo correspondente, inicien nos centros hospitalarios de Galicia o período de formación especializada (BIR) e aqueles que asinen contratos temporais con institucións sanitarias dependentes do SERGAS.

1.11. Centro Superior de Hostelería de Galicia. A convocatoria para a elaboración de listas de agarda para o posto 2001-30010 Profesor/a hixiene, dietética e nutrición exclúe aos licenciados en Bioloxía. Na carta remitida o 9 de outubro lembrámoslle á Directora as funcións da profesión de biólogo. Na súa resposta do 22 de outubro, indica que buscan "formacións que, aínda que poidan ter certa afinidade, non sexan xeneralistas".

1.12. Concurso de traslados administración especial Xunta de Galicia. Remítese escrito o 17 de outubro ás organizacións sindicais presentes na mesa de negociación en relación cos postos de director-conservador de parque natural e de director de reserva de caza, excluídas da oferta, para que asuman a reivindicación do Colexio.

1.13. Prazas de interinidades e substitucións ensino. A convocatoria para as especialidades de análise e química industrial (PES, 590102) e laboratorio (PTFP, 591208) non inclúe aos licenciados en Bioloxía. Reclámase o 19 de outubro en razón das funcións da profesión e da analoxía de coñecementos coas titulacións esixidas (Bioquímica, Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Ciencias Ambientais).

1.14. Proposta de modificación completa da Relación de Postos de Traballo da Consellería do Medio Rural e do Mar. Remítese escrito ás organizacións sindicais presentes na mesa de negociación o 30 de outubro en relación coa non inclusión da titulación de Biólogo/a en diversas prazas da nova RPT, para que asuman a reivindicación do Colexio.

1.15. Fundación IDICHUS. A convocatoria dunha praza de bolseiro de investigación (P001/2012) require a titulación de Licenciado/a en Bioloxía, especialidade Bioloxía Fundamental e Sanitaria. No escrito de 30 de novembro enviado á Directora da Fundación solicítaselle que elimine ese requisito e, que en todo caso, o fagan constar como mérito, citando a normativa sobre obtención, expedición e homologación de títulos universitarios. A resposta da Directora de 10 de decembro indica que ao non ser Administración Pública, teñen total liberdade para solicitar os requisitos que consideren necesarios.

1.16. Fundación IDICHUS II. A convocatoria dunha praza de contratado de investigación (Ctto 058/2012) para o proxecto INVICTUS: 8.1., require a titulación de Licenciatura en Biología- Especialidad en Biología Molecular. No escrito de 4 de decembro reitéranselle á Directora as consideracións expresadas anteriormente respecto do asunto da praza de bolseiro P001/2012. A resposta da Directora de 10 de decembro indica que ao non ser Administración Pública, teñen total liberdade para solicitar os requisitos que consideren necesarios.

2. Alegacións presentadas

O Colexio expresa a súa opinión técnico-científica acerca dos asuntos da súa competencia e os relacionados coas actividades que realizan os biólogos.

2.1. Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia. O 23 de xaneiro reitéraselle ao Director Xeral de Conservación da Natureza a petición do 23 de decembro de 2012 relativa á información espacial dos hábitats, documentos técnicos e criterios utilizados para determinar a proposta de ampliación. O 3 de abril envíase copia deste escrito ao Conselleiro de Medio Ambiente, T. e I.

2.2. Lei de caza de Galicia. Remítense o 7 de marzo á Dirección Xeral de Conservación da Natureza as alegacións formuladas ao borrador de anteproxecto da lei.

2.3. Propostas de decretos de plans de recuperación e conservación. O Colexio remitiu o 11 de maio as súas alegacións á Dirección Xeral de Conservación da Natureza en relación co plan de recuperación do sapoconcho común e da escribenta das canaveiras e co plan de conservación da pílara das dunas.

2.4. Mesas de participación pública BIOS. O Colexio participou o día 22 de maio na Consellería de Medio Ambiente, T. e I. na consulta previa á elaboración do Plan de recuperación do sapoconcho común (*Emys orbicularis L.*) incluído no Catálogo Galego de Especies Ameazadas na categoría "En perigo de extinción". Tamén fixo as súas aportacións o día 23 na consulta relativa á pílara das dunas (*Charadrius alexandrinus L.*) incluída na categoría "Vulnerable", e á escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus subsp. lusitanica Steinbacher*), na categoría "En perigo de extinción".

3. Comisi3ns sectoriais

As Comisi3ns sectoriais son instrumentos de participaci3n colexial para asesorar, ser foro de debate, colaboraci3n, apoio 3 formaci3n, etc.

3.1. Comisi3n de Sanidade. Celebrou unha reuni3n o 4/5/12 na que tratouse a preparaci3n dun curso sobre o BIR. Remit3ronse 3s Conseller3as de Sanidade e Medio Ambiente, T e I un informe sobre as Radiaci3ns electromagn3ticas non ionizantes (ver 10.9.).

3.2. Comisi3n do Sector Ambiental. Celebr3ronse d3as reuni3ns (13/1/12 e 16/3/12) nas que preparouse unha solicitude de subvenci3n ao programa EmpleaVerde da Fundaci3n Biodiversidade. Finalmente presentouse o 30/3/12 baixo a denominaci3n de "Gesti3n Agrosostenible de Espacios y Especies de Inter3s Comunitario en la Red Natura 2000 y su Entorno". Prepar3ronse alegaci3ns 3 Lei de Caza (ver 2.2.).

3.3. Comisi3n de Asuntos Laborais. Celebrou unha reuni3n o 30/10/12, en resposta a solicitude do avogado do colexio para presentar documentaci3n ao recurso contencioso contra o Decreto 46/2012. Present3ronse alegaci3ns ao Concurso de traslados da administraci3n especial da Xunta de Galicia (ver 1.12.)

4. Actividades de formación e xornadas técnicas

Unha das funcións do COBGA especificadas nos seus Estatutos é a de organizar cursos para procurar a formación permanente e calquera outro tipo de actividades para o desenvolvemento profesional dos biólogos.

4.1. Cursos propios. En 2012 celebráronse dous cursos:

- Análise de Parámetros Microbiolóxicos e Físico-Químicos de Augas (18ª edición). Ourense, 19/X-3/XI. Participaron nel 11 alumnos (6 colexiados).
- Análise Microbiolóxica de Alimentos (18ª edición). Ourense, 9-24/XI. Participaron 12 alumnos (9 colexiados).

4.2. Xornada Técnica: Xestión Enerxética como Nicho de Emprego. Celebrada o 5 de marzo en Santiago (CERSIA). O Colexio colaborou na súa organización xunto co Concello de Santiago de Compostela e EQA. Foi moderada por Fernando García, Tesoureiro do COBGA e nela participaron 120 persoas.

4.3. Aspectos ecotoxicolóxicos de las floraciones de Cianobacterias en aguas continentales. Curso de verán da USC celebrado na Estación de Hidrobioloxía do Encoro do Con, co que o Colexio colaborou coa Estación de Hidrobioloxía da USC.

4.4. XIV Foro dos Recursos Mariños e da Acuicultura das Rías Galegas. Celebrado en O Grove o 6-7/X/11. O Colexio prestou tamén a súa colaboración co Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular.

5. Bolsa de Empleo

Enviáronse 68 ofertas (contratos e bolsas) de diferentes orixes: webs das empresas ofertantes, peticións expresas delas, empresas de selección de persoal, webs de emprego... Están inscritos nela 406 colexiados que confirmaron a súa permanencia na Bolsa entre xuño e decembro de 2012 e as seleccións fanse confrontando os requisitos solicitados cos campos de interese marcados polos colexiados, e tamén coas capacidades expresadas no seu C.V. As ofertas foron enviadas en 2012 case exclusivamente por correo-e.

6. Servizo de información

Este aspecto da súa actividade, como tamén a Bolsa de Empleo, é de vital importancia para o Colexio. Manter un activo e eficaz servizo de información resulta prioritario para que os colexiados consigan desenvolver o seu exercicio profesional nas mellores condicións.

6.1. NOVAS COBGA. En 2012 este boletín informativo mensual tivo 12 edicións que foron colocándose puntualmente na primeira semana de cada mes na nosa web de maneira reservada aos colexiados e cunha media de 30 páxinas. Contén as seccións habituais: A Xunta de Goberno informa, Empleo, Bolsas, axudas e subvencións, Premios, Actividades de formación, Congresos, Simposios, Reunións, Xornadas..., Recursos na Rede, Varios, Ofertas a colexiadas/os, Lexislación.

6.2. NOVAS Semanais. Este ano comenzou un novo servizo de información polo que os venres envíase esta folla informativa coas novidades da semana en curso, cunha media de 10 páxinas.

6.3. Páxina web. Visitas en 2012: 45.033. RSS, 70.873 (cada usuario entra varias veces, está en aberto). Convocatorias, 3.083. Cursos outras entidades, 1.588. Directorio, 1.148. NOVAS COBGA, 5.436 (diferentes seccións). Unha media de 453 descargas/mes do documento total. NOVAS Semanais, 21.365. Unha media de 763 descargas/semana. Entradas desde Google, 7.286. Windows Live: 3.381.

7. Outros servizos colexiais

En 2012 os colexiados beneficiáronse de descontos negociados con provedores de:

- bens e servizos: Hotel Montenegro, Hotel Los Abetos, Hoteles Culturales Temáticos, OCA Termal Hotels, Eurostars Hotels, Hotel Torre do Deza & SPA, Gran Hotel La Toja, Paradores, Hotel Louxo-La Toja, Banco Etcheverría, Nor Center, Tienda Sitio-Distinto, Mercatinta-Vigo, Escuela Europea de Negocios, Escuela Infantil Plurilingüe Agasalle, ETC English Education, La Academia, Bodegas Valdamor, Meraknautica, Invermul, O Boi do Baladoiro, COAGA, Cadenote Escuela de Vela, Editorial Hélice, Ecocelta Galicia, Musgo Aventura.

- actividades de formación (matrícula): USC (curso de verán), AMBICAL Proyectos, ORBERE, SANEA CONTROL, <http://www.preparador-opos-biogeo.es/>, Estandar Gestión Alimentaria, ABIO, CEBF Network Solutions, FEUGA, Animal Record, e-TECMA, GENYCA Innova, Sfera Proyecto Ambiental, DROSER, COBCM/Instituto Superior del Medio Ambiente, MCA Formación on line, Transmitting Science/Institut Catalá de Paleontologia Miquel Crusafont, IMF-Universidad San Pablo CEU, Fundación Asmoz, IMASGAL, ECOUNION, Bureau Veritas.

- Foro dos Recursos Mariños e da Acuicultura de O Grove (inscripción).
- Ferrer & Asociados (Póliza seguro responsabilidade civil).

8. Comunicados e noticias do COBGA nos medios

8.1. Declaración sobre os Incendios Forestais de 2012 (4 de marzo). A raíz dos incendios nas Fragas do Eume e outros o Colexio propuxo realizar unha política forestal que prime a prevención, que sexa realizada ao longo de todo o ano e que sexa continuada no tempo, ordeando o combustible, creando zonas de alta seguridade con vexetación controlada nos bordes de infraestruturas de transporte e de enerxía, e tamén de xeito especial nas cercanías de vivendas e propiedades humanas. [[referencias na prensa](#)]

8.2. Especies exóticas invasoras (24 de abril). Desde o COBGA alertouse sobre a ameaza real e inmediata que supoñen certas especies exóticas con comportamento invasor para a biodiversidade e a economía de Galicia, e instouse a que as administracións implicadas na súa xestión tomen as medidas necesarias para prever a introdución e expansión destas especies, así como para o seu control e posible eliminación. [[referencias na prensa](#)]

8.3. Día Mundial do Medio Ambiente (5 de xuño). O Colexio puxo de relevancia varios asuntos pendentes na nosa comunidade: especies exóticas invasoras, incendios forestais, plans de conservación e recuperación de especies, loita biolóxica, radiacións electromagnéticas non ionizantes. [[referencias na prensa](#)] [[audio](#)] [[audio 2](#)]

9. Participacións do COBGA

O Colexio estivo presente en diversos actos académicos e doutros tipos.

9.1. Xornadas informativas: as actividades profesionais dos biólogos.

- O 18 de abril celebrouse na Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago e nela varios colexiados expertos en diferentes áreas explicaron os seus respectivos campos de actividade profesional. A xornada contou coa participación de 82 alumnos.
- O 25 de abril celebrouse na Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña e a ela asistiron 42 alumnos.
- O 26 de abril celebrouse na Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo, coa participación de 35 estudantes.

9.2. Acto de Licenciatura Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago.

Celebrouse o 6 de maio e contou coa participación da Decana.

9.3. Acto licenciatura Facultade de Bioloxía Universidade de Vigo.

Celebrouse o 22 de xuño e contou coa participación da Decana.

9.3. Guía de peritos xudiciais. A Decana e o Tesoureiro asistiron o 28 de febreiro en Santiago á súa presentación, por parte da Unión Profesional de Galicia.

9.4. Seminario sobre la prueba pericial. Organizado o 7 de xuño pola Unión Profesional de Galicia, nel participou como ponente o noso compañeiro Juan L. Barja na mesa redonda El papel de los profesionales en la prueba pericial.

10. Varios

O COBGA celebra as súas reunións propias e participa nas dos organismos dos que forma parte.

10.1. Protocolo de colaboración coa Consellería do Mar. O 2 de xaneiro a conselleira, Rosa Quintana, e a decana do Colexio, Mercedes Casal, asinaron un protocolo de colaboración co obxectivo de avanzar na investigación da pesca, o marisqueo e a acuicultura de Galicia. Con esta sinatura establécense as liñas de colaboración en materia de asesoramento, docencia e investigación destas actividades.

10.2. Olimpíada Galega de Bioloxía. Celebrouse o 13 de xaneiro na Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo. Participaron 99 alumnos de bacharelato, procedentes de 33 centros de toda Galicia. Os tres gañadores representaron á comunidade autónoma na fase nacional, que se celebrou en Murcia no mes de marzo.

10.3. Premio Fundación BBVA a la Difusión del Conocimiento y Sensibilización en Conservación de la Biodiversidad 2011. O 3 de febreiro enviouse á Fundación un escrito apoiando a candidatura da nosa compañeira Mónica Fernández-Aceytuno.

10.4. Campaña do Día Internacional das Mulleres do Concello da Coruña. Segundo a solicitude do Concelleiro de Servizos Sociais, o 8 de febreiro foi enviada a proposta do COBGA con catro mulleres vencelladas con A Coruña e que exercen a súa profesión dun xeito relevante no seu ámbito: M^a Celsa Sánchez Vázquez, Josefina Méndez Felpeto, M^a Concepción Herrero López e M^a Soledad Soengas González. A Dra. D^a Josefina Méndez, Catedrática de Xenética da Universidade da Coruña, foi galardoada ao ser a primeira muller vicerreitora da UDC.

10.5. Carta aberta por la ciencia en España. O COBGA adheríuse o 14 de marzo á lista de apoios a este documento, consensuado pola Confederación de Sociedades Científicas de España, a Conferencia de Rectores das Universidades Españolas, a plataforma Investigación Digna, a Federación de Jóvenes Investigadores, CCOO e UGT.

10.6. Especies exóticas invasoras. Envíase o 15 de marzo escrito ao Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas lembrando a ameaza real e inmediata que supoñen estas especies para a biodiversidade e a economía de Galicia e solicitando que se desenvolvan e apliquen aquí os contidos do Real Decreto 1628/2011, que establece os fundamentos normativos e procedimentais para a xestión das EEI.

10.7. Incendios forestais I. Visto o sucedido nas Fragas do Eume e outros espazos nesta primavera, se lles envía ao Conselleiro de Medio Ambiente, T. e I., á Conselleira do Medio Rural e do Mar, ao Director Xeral de Conservación da Natureza e ao Secretario Xeral de Montes e Medio Rural o 4 de abril un escrito lembrando que entre os biólogos existen moitos expertos en incendios forestais tanto no referido ao seu impacto ambiental como a adopción de medidas de prevención, educación e técnicas de restauración e amosando a disposición do Colexio a colaborar no que corresponda coa Administración competente.

10.8. Incendios forestais II. Remítese carta o 9 de abril ao Director do Parque Natural das Fragas do Eume ofrecendo a axuda dos biólogos expertos en incendios xunto con copia do escrito antes aludido.

10.9. Radiacións electromagnéticas non ionizantes. Este asunto de especial relevancia motivou o envío o 4 de maio á Conselleira de Sanidade, e aos Conselleiros de Medio Ambiente e de Educación dun escrito instando a adoptar o principio de precaución definido na Lei Xeral de Saúde Pública, e solicitando a realización de campañas de concienciación á poboación en xeral e aos máis expostos polo seu traballo en particular sobre o perigo da exposición ás REMNI (antenas de telefonía móbil e redes inalámbricas) e tomar medidas nos centros educativos para protexer aos máis pequenos, moito máis sensibles á exposición.

10.10. Convenios de colaboración coa Universidade de Vigo. O 24 de setembro formalizáronse sendos convenios para o recoñecemento de créditos de libre elección e para o recoñecemento de créditos ECTS.

10.11. Convenio Marco de colaboración coa Universidade de Santiago. Foi asinado o 29 de outubro para o establecemento dun marco de actuación en actividades culturais, científicas, pedagóxicas, de investigación e outras.

11. Reunións do COBGA

O COBGA celebra as súas reunións propias e participa nas dos organismos dos que forma parte.

11.1. Xunta de Goberno. Celebrou 4 reunións en 2012: as ordinarias foron os días 31 de marzo e 21 de decembro. As sesións extraordinarias, os días 16 de febreiro e 28 de marzo.

11.2. Xuntas Xerais ordinarias de colexiados. Celebráronse os días 30 de abril e 21 de decembro.

11.3. Asistencia a reunións da Unión Profesional de Galicia.

12. Percepcións membros Xunta de Goberno

Os membros da Xunta de Goberno do COBGA non perciben ningunha remuneración en concepto de soldo nin de honorarios por asistencia ás reunións da Xunta de Goberno, da Xunta Xeral nin de ningún outro tipo. Só teñen dereito a recuperar o diñeiro que adiantan nos seus desplazamentos ás reunións colexiais como kilometraje, dietas ou aloxamento (segundo a tarifa oficial do BOE). Os cobros de cada membro da Xunta de Goberno no 2012 figuran na táboa seguinte:

	Convenio Consellería do Mar e do MR 2/1/12	Olimpiada de Bioloxía 13/1/12	Reunión Unión Profesional 28/2/12	Xornada Xestión Enerxética 5/03/12	Reunión Xunta de Goberno 10/4/12	Xornada informativa UDC 25/4/12	Xornada informativa UVIGO 26/4/12	Xunta Xeral Ordinaria 30/4/12	Entrevista Consellería do MA e TI 11/6/12	Xornada Pericial 7/6/12	Acto licenciatura UVIGO 22/6/12	Xunta Goberno 21/12/12	Xunta Xeral 21/12/12	TOTAL (€)
Decana	X	X	-	-	-	X	X	-	X	X	X	-	-	
Vicedecano	-	-	-	-	X	-	-	-	-	-	-	-	-	
Secretario	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
Tesoureiro	X	-	X	X	-	-	-	-	-	-	-	X	X	
Vocal 1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	X	X	
Vocal 2	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	X	-	
Vocal 3	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
Vocal 4	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
Vocal 5	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
Vocal 6	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
Vocal 7	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
Vocal 8	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
Vocal 9	-	-	-	-	-	-	-	X	-	-	-	-	X	
Vocal 10	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
Vocal 11	-	-	-	-	X	-	-	-	-	-	-	-	-	
Vocal 12	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
Vocal 13	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
Vocal 14	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
														524,94

13. Informe anual de xestión económica

Nestes cadros resúmese o balance económico do 2012.

Cuenta de Pérdidas y Ganancias		2012	2011
1.	Ing.de la entidad por su actividad propia	144.828,77	148.146,22
a)	Cuotas de usuarios y afiliados	144.828,77	148.146,22
720	CUOTAS DE USUARIOS	137.244,21	142.817,89
721	CUOTAS DE AFILIADOS	7.584,56	5.328,33
8.	Gastos de personal	-76.943,24	-71.554,23
640	SUELDOS Y SALARIOS	-59.651,36	-54.663,15
642	SEGURIDAD SOCIAL CARGO EMPRESA	-16.871,88	-16.891,08
649	OTROS GASTOS SOCIALES	-420,00	0
9.	Otros gastos de explotación	-44.989,69	-52.452,98
621	ARRENDAMIENTOS Y CANONES	0	-2.304,60
622	REPARACIONES Y CONSERVACION.	-178,25	-329,63
623	SERVIC.PROFES.INDEPENDIENTES	-3.609,64	-5.135,88
624	TRANSPORTES	-13,81	-144,29
625	PRIMAS DE SEGUROS	-576,32	-489,60
627	PUBLIC.,PROPAG. Y RELAC.PUBLIC	-1.345,21	-1.701,45
628	SUMINISTROS	-1.483,25	-728,47
629	OTROS SERVICIOS	-36.932,24	-40.708,99
631	OTROS TRIBUTOS	-850,97	-910,07
10.	Amortización del inmovilizado	-8.860,70	-8.511,48
681	AMORT.INMOVILIZ.MATERIAL	-8.860,70	-8.511,48
A)	RTDO.DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10)	14.035,14	15.627,53
15.	Gastos financieros	-12.829,40	-13.194,92
662	INTERESES DE DEUDAS	-11.115,08	-11.430,59
665	INTER.DESC.EFEC.OPER.FACTORING	-1.620,82	-1.656,90
669	OTROS GASTOS FINANCIEROS	-93,50	-107,43
B)	RESULTADO FINANCIERO (14+15+16+17+18)	-12.829,40	-13.194,92
C)	RESULTADO ANTES DE IMPUESTOS (A+B)	1.205,74	2.432,61
D)	EXCEDENTE DEL EJERCICIO (C+19)	1.205,74	2.432,61

Activo	2012	2011
A) ACTIVO NO CORRIENTE	413.726,95	422.587,65
III. Inmovilizado material	413.726,95	422.587,65
211 CONSTRUCCIONES	412.303,17	412.303,17
213 MAQUINARIA	2.933,99	2.933,99
215 OTRAS INSTALACIONES	2.688,68	2.688,68
216 MOBILIARIO	16.378,25	16.378,25
217 EQUIPOS PROCESOS INFORMACIÓN	2.020,90	2.020,90
281 AMORT.ACUMUL.INMOV.MATERIAL	-22.598,04	-13.737,34
B) ACTIVO CORRIENTE	4.222,34	5.291,31
III. Deudores comerciales y otras ctas.a cobrar	0	0
1. Clientes por ventas prestación de servicios		
VII. Efectivo otros activos líquidos equivalen	4.222,34	5.291,31
570 CAJA,MONEDA EXTRANJERA	383,26	635,10
572 BANC.INS.CRED.C/C.VIST.DIF.EUR	3.839,08	4.656,21
TOTAL ACTIVO (A + B)	417.949,29	427.878,96

Saldos e Salarios 2012

	Posto	Dedicación	
Saldos e Salarios	Gerente	100 %	35.496,00
	Oficial 1ª Administración	100 %	24.155,36
Seguridade Social	Gerente		9.874,44
	Oficial 1ª Administración		6.997,44

Pasivo	2012	2011
A) PATRIMONIO NETO	37.742,99	36.537,25
A-1) Fondos propios	37.742,99	36.537,25
I. Dotación Fundacional	36.537,25	34.104,64
1 Dotación Fundacional	36.537,25	34.104,64
101 Fondo Social	36.537,25	34.104,64
III. Excedentes de ejercicios anteriores		
IV. Excedente del ejercicio	1.205,74	2.432,61
B) PASIVO NO CORRIENTE	362.193,05	374.479,40
II. Deudas a largo plazo	362.193,05	374.479,40
1. Deudas con entidades de crédito	362.193,05	374.479,40
170 DEUDAS L.P. ENTIDADES	362.193,05	374.479,40
CREDITO		
C) PASIVO CORRIENTE	18.013,25	16.862,31
II. Deudas a corto plazo	12.115,75	11.436,12
1. Deudas con entidades de crédito	12.115,75	11.436,12
520 DEUDAS C.P. ENTIDADES DE	12.115,75	11.436,12
CREDIT		
V. Acreedores comerciales y otras ctas.a pagar	5.897,50	5.426,19
2. Otros acreedores	5.897,50	5.426,19
410 ACREEDORES POR	214,73	1.138,90
PREST.SERVICIOS		
475	3.945,65	2.590,45
HACIEND.PUBL.ACREED.CONCEP.FIS		
476 ORGANISMOS SEGUR.SOCIAL	1.737,12	1.696,84
ACREED		
TOTAL PATRIMONIO NETO Y PASIVO (A + B + C)	417.949,29	427.878,96

14. Importe cotas aplicadas por concepto e tipo de servizo:

CONCEPTO	IMPORTE (€)
- Cota inscrición licenciados antes de 1 ano	15,00
- Cota inscrición licenciados despois de 1 ano	35,00
- Cota semestral colexiación normal	50,00
- Cota semestral colexiación reducida	30,00
- Compulsas colexiados	0,15
- Compulsas non colexiados	0,60
- Visado colexial	Segundo o Regulamento de Visado
	-
- Impresos certificados oficiais (xogo de 3 exemplares)	6,31

15. Información sobre procedimientos informativos e sancionadores en fase de instrución.

- Ao longo do ano 2012 non se produciron procedementos informativos ou sancionadores.

16. Información sobre queixas e reclamacións de consumidores e usuarios ou as súas organizacións representativas.

- Ao longo de 2012 non se produciu ningunha queixa ou reclamación de dita especie.

17. Cambios no contido dos seus códigos deontolóxicos.

- Estase a traballar no Borrador do código deontolóxico.

18. Normas sobre incompatibilidades e situacións de conflito de intereses en que se atopan os membros da Xunta de Goberno.

- Ao longo de 2012 non se produciron incompatibilidades ou conflitos de intereses entre os membros da Xunta de Goberno. Está previsto iniciar a redacción de ditas normas.

19. Estatísticas colexiacións.

- O ano 2012 producíronse 56 altas (22 B, 34 C) e 128 baixas (97 voluntarias, 28 por morosidade e 3 por traslado). O activo a 31 de decembro é de 1.404 colexiados.

20. Información estatística sobre a actividade de visado.

Foron sometidos ao trámite de visado colexial en 2012, 11 memorias, realizadas por 5 colexiados.

- Estudos e avaliacións de impacto ambiental (parques eólicos): 6 memorias.
- Recursos mariños vivos: 4 memorias.
- Outros: 1 memoria.